

## Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O **grupo parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda**, ao traveso das súas deputadas **Yolanda Díaz Pérez** e **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión V**, relativa ao centro de atención á discapacidade Souto de Leixa de Ferrol.

### Exposición de motivos

Logo duns anos onde prevaleceu no centro un funcionamento e unha atención precarias, este centro de atención á discapacidade Souto de Leixa vai rematar o período da concesión outorgada no seu día por esa fábrica de privatizacións e degradación dos servizos públicos chamada consellaría de benestar.

O CAPD Souto de Leixa ten a oportunidade de deixar atrás unha fase caracterizada polas insuficiencias en todos os eidos:, as cales tiveron que ser contestadas coas denuncias das nais e pais das persoas usuarias do centro:

- A insuficiencia de persoal para atender ás persoas usuarias, onde para un centro dos maiores de Galicia ( 172 persoas usuarias) dispón da metade de persoal que noutros de similar tamaño.
- As persoas usuarias sufriron a non utilización do vaso terapéutico malia recollerse ese dereito no acordo da comisión previsto co gallo da división do previo centro de educación especial e ter obtido o apoio do Valedor do Pobo sobre este particular.
- A empresa concesionaria vulnerou o prego de condicións, o cal recolle que debe ocuparse do transporte polo que as persoas usuarias xa realizan un repago do 38% dos seus ingresos; insatisfeita e buscando facer máis negocio, a empresa estivo a cobrar o transporte cun repago extra do 12%.

- O centro soporta eivas na accesibilidade malia ser un centro para persoas dependentes.
- Nunca se soubo, logo de ser privatizado, do ruxe ruxe da construción dun centro deportivo compartido coas persoas residentes e usuarias de día e do CAMF (centro de atención a persoas con discapacidades físicas).

A pésima xestión do centro é a maior razón práctica para rescatalo , agora que remata a concesión, baixo a fórmula de xestión pública directa.

Xa que logo, o grupo parlamentario da AGE formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión:

- O Parlamento Galego insta á Xunta a recuperar a xestión pública directa do CAPD Souto de Leixa para garantir un servizo público de calidade, universal e gratuíto, incorporando a fórmula en materia de emprego da subrogación da actual plantilla.

En Compostela, a 9 de novembro do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asdo. Eva Solla Fernández

**Asinado dixitalmente por:**

**Yolanda Díaz Pérez na data 09/11/2015 14:14:50**

**Eva Solla Fernández na data 09/11/2015 14:14:57**